


SEMINARIO



“León: un veciño descoñecido”

DOCENTE: Xosé Antonio Neira Cruz

DATAS: 23 e 30 de outubro e 6 e 13 de novembro 2024

HORARIO: 11:30 a 13:30 horas

LUGAR: Facultade de filoloxía (Salón de Graos/Salón de Actos)

Prezo da matrícula: 23 € (alumnado IV Ciclo)

26,45 € (alumnado externo) +20,69 € (seguro de accidentes)

UNHA VEZ REALIZADA A MATRÍCULA, NON SE EFECTUARÁN DEVOLUCIÓN AGÁS NO CASO DE SUSPENSIÓN DO SEMINARIO.

Prazo de matrícula: dende o 2 de setembro ao 16 de outubro

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14159>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

O reino de León conta con distintas primacías en Europa por mor de fitos singulares: o primeiro parlamento do mundo creouse neste reino medieval, e tamén nel foi monarca a primeira muller que ostentou a condición de raíña propietaria en Europa.

Eclipsado paulatinamente por Castela, o reino leonés acabou desaparecendo na amalgama da monarquía hispánica. Porén, fican os seus vestixios: desde os literarios ata os artísticos, con verdadeiros cumios como o que representa a marabilla gótica da Pulchra leonina.

OBXECTIVOS

- Afondar nas raíces históricas do Reino de León.
- Identificar as claves artísticas que marcaron a súa fisionomía.
- Percorrela nos seus vestixios, desde o pasado ata a actualidade.
- Entendela na súa realidade presente, coa aspiración dunha comunidade autónoma como meta constantemente postergada.

CONTIDOS BÁSICOS

1. parlamento máis antigo do mundo.
2. A Pulchra leonina e outras marabillas.
3. A identidade dunha rexión eclipsada.
4. León tal e como é.

METODOLOXÍA:

O seminario organizarase en catro clases maxistrais presenciais de dúas horas de duración cada unha organizadas segundo os criterios didácticos do profesor responsable. Na medida do posible procurarase a participación de axentes externos vencellados ao tema exposto a través de conexións por Teams ou outros medios tecnolóxicos.

BIBLIOGRAFÍA:

Sánchez Badiola, Juan José (2002) Tierras de León, nº 114, pp. 73-94

Torres Sevilla, Margarita (1999) La Historia de León. León en el marco político de la Corona de Castilla (1230-1474). León: Universidad de León, tomo II.

González-Varas Ibáñez, Ignacio (2001) La Catedral de León: el sueño de la razón. León: Caja España. Grau Lobo, Luis A. (2000) La Catedral de León y sus vidrieras. León: Editorial Everest.